

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

FICHA RESUMO

PE403A 2009/33-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CANGAS
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	DENDE EMBARCACIÓN

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ámbito do plan	De cabo Pequeño a punta Couso. Illote Osas. De punta Monolito ata enseada das Herbas, na costa oeste da illa norte das Cies. Ensenada das Herbas ata o peirao de Carracido no illote norte das Cies, máis toda a illa sur das Cies e o Illote Boeiro.
Subzonas probables de explotación	Area 1: Costa da Vela (dende Cabo Pequeño ata Punta Couso, incluíndo o Illote das Osas) Area 2: de Punta Muxieiro-Monolito-ata Ensenada das Herbas na costa oeste da illa norte das Cies Area 3: dende Ensenada das Herbas ata o peirao de Carracido, na illa norte de Cies, máis toda a Illa Sur de Cies e o Illote de Boeiro.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	34	65
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	-	3

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		160										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : De xaneiro a decembro.												
Modalidade⁽³⁾: dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
1,2	1,2,3	1,2	2,1	3,2	1,2,3	1,3,2	1,3,2,	1,3,2,	2,3	2,1	2,1	

Topes de captura	
Especies	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	5 kg
	En días concretos dos meses de xaneiro, xullo, agosto e decembro poderase subir a un tope de 7 kg/habilitación/día.

Artes a empregar	Rasqueta, segundo o Decreto 424/1993.
Puntos de control	Zona de traballo e lonxa de Cangas
Puntos de venda	Lonxa de Cangas



Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas						X	X	X	X			
Rareos na Costa da Vela												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												

Outras consideracións

Ambito do plan: O ámbito do plan proposto é de punta Canaval a punta Couso incluíndo as Illas Cíes, sen embargo a área I está definida como a Costa da Vela, dende Cabo Pequeno ata Punta Couso, ademais do illote As Osas, e no mapa da zona de extracción sinálase a área mencionada como dende Cabo Pequeno. Polo tanto, o ámbito da zona de traballo será: de cabo Pequeno a punta Couso. Illote Osas. De punta Monolito ata enseada das Herbas, na costa oeste da illa norte das Cíes. Ensenada das Herbas ata o peirao de Carracido no illote norte das Cíes, máis toda a illa sur das Cíes e o illote Boeiro.

Na ficha resumo aprobada para o plan de explotación dos anos 2008 e 2009 xa figuraba que para valorar a inclusión do Illote de Viños (Illas Cíes) no ámbito do plan, a entidade debería presentar unha avaliación da biomasa de percebe existente na zona. En data actual non foi presentado dito estudo, polo que se reitera a súa necesidade para ampliar a zona de traballo.

Para evitar problemas de solapamento co plan de percebe da confraría de Aldán aclárase que as coordenadas cartográficas de punta Couso en 42º 18,592´ N-8º 51,345 W.

Aconséllase que se redefinan as subzonas de explotación ademais de que se deberá establecer un calendario que permita unha explotación rotatoria das zonas.

Proposta de ampliación: Para o ano 2009 foi aprobada unha ampliación de 3 habilitacións, dado que en realidade se trata de cobertura de vacantes do plan, coas cales non se superarían o número máximo de 65 mariscadores establecidos para este plan de explotación. Esta cobertura de vacantes non foi realizada durante o ano 2009.

Non pode aceptarse o traslado dunha praza de percebeiro da embarcación acordado polo colectivo dado que, a cobertura de prazas vacantes de tripulantes ou embarcacións nos plans de explotación de percebe está regulada pola Resolución de 9.10.2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifica o baremo aplicable para acceso á explotación dos



recursos específicos aprobado por Resolución do 16 de setembro de 2007. Con respecto a este tema lémbrese que con data 10.05.2006 o Secretario Xeral comunicou, mediante escrito dirixido ao presidente da agrupación de percebeiros da confraría de Cangas, que na maior brevidade posible adecuasen o seu regulamento interno á lexislación vixente, e en particular que os artigos 2º, 3º e 4º do regulamento, relativos á explotación dos recursos, os membros da agrupación e lista de espera e vacantes, se adaptasen a orde de 6 de marzo de 2000, pola que se regula a explotación do percebe (*Pollicipes pollicipes*) como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma. Esta adaptación, non está realizada na data actual.

Calendario de extracción: a entidade solicita un total de 253 días, sen embargo o número de días autorizados redúcese a 160 días co obxecto de axustalos aos realmente traballados en anos anteriores. Terá que establecer un calendario que garantice a rotación das subzonas de traballo.

Cotas máximas de captura: o tope de captura poderá ser de 7kg/habilitación/día durante un máximo do 10% dos días autorizados no plan.

A cota máxima de captura será de 5 kg/habilitación/día sempre e cando non se supere un máximo de 40 días/ano nas áreas II e III (Illas Cíes).

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, dacordo coas indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior. Deberá remitirse a certificación que acredite que o plan foi aprobado polos órganos de goberno da confraría.

Recomendacións para a mellora do plan:

- As subzonas de explotación deberán numerarse con números arábigos e non romanos, co obxecto de evitar confusións coa clasificación das zonas de control de biotoxinas.
- Revisar xunto co biólogo de zona, a subdivisión e rotación das zonas de traballo
- Revisar e adaptar o actual regulamento de réxime interno á maior brevidade que sexa posible
- O uso do documento de declaración de recollida, para aqueles casos nos que o percebe non se venda en lonxa o mesmo día da extracción e se deposite nas cámaras frigoríficas.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas: (25/nov/2009)

A administración do Parque Nacional informa favorablemente a aprobación deste, coas seguintes condicións relativas ao ámbito do Parque (zonas 2 e 3 deste plan):

- Non debe aumentarse o esforzo pesqueiro con respecto ao ano 2008: nin número de embarcacións, nin número de habilitacións a percebeiros, nin número de días ao ano, nin aumento de cotas. A administración do Parque informa desfavorablemente a aprobación do plan, debido aos cambios que se observan respecto o número de días ao ano para 2010 son 253, en lugar dos 160 no plan aprobado para o ano 2009
- Solicítase 5 kg durante todo o ano, sen superar nas Cíes 40 días de traballo.
- Proponse para as Cíes, a utilización de coitelo en lugar de rasqueta co fin de respectar o



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

crecemento doutras especies nas zonas de extracción e mellorar tamén a selección por tamaño do percebe

- Considérase necesario un punto de control para as extraccións na zona do Parque e aínda que parece que é considerado no novo Plan.